

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO
IES Nº1 DE RIBEIRA

1 de setembro de 2014

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO IES Nº 1 RIBEIRA

I. ÓRGANOS DO CENTRO

1.- ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS páx. 3
 Consello Escolar
 Claustro

2.- ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS
 Director ou directora
 Xefe ou xefa de estudos de diúrno
 Xefe ou xefa de estudos de adultos
 Secretario ou secretaria
 Vicedirector ou vicedirectora

3.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

 Departamento de orientación
 Departamentos didácticos

4.- OUTROS ÓRGANOS

 Comisión de coordinación pedagóxica
 Equipo de dinamización lingüística
 Xunta de delegados

5.- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO E
ASOCIACIÓN DE ALUMNADO

II. PROFESORADO páx. 4

1.- FUNCIÓN XERAIS DO PROFESORADO páx. 4

2.- PROFESORADO DE GARDA páx. 5

3.- PROFESORADO DE BIBLIOTECA páx. 6

4.- PROFESOR/A, TITOR/A páx. 7

III. ALUMNADO: DEREITOS E DEBERES páx. 9

1.- <u>DEREITOS</u>	páx. 9
2.- <u>DEBERES</u>	páx. 11
IV. NORMAS DE CONVIVENCIA	páx. 14
1.- <u>DISPOSICIÓN XERAIS</u>	páx. 14
2.- <u>SOBRE O ALUMNADO</u>	páx. 15
3.- <u>CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO</u>	páx.17
4.- <u>CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO</u>	páx. 21
5.- <u>FALTAS DE PUNTUALIDADE</u>	páx. 22
6.- <u>FALTAS DE ASISTENCIA NON XUSTIFICADAS</u>	páx. 23
7.- <u>ACTOS QUE AFECTEN O NORMAL DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NA CLASE</u>	páx. 25
8.- <u>PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS</u>	páx. 27
9.- <u>FUNCIONAMENTO DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS</u>	
10.- <u>ADDENDA OFICIAL</u>	páx. 30
11.-ADDENDA OFICIAL II	

I. ÓRGANOS DO CENTRO

1. ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS

Consello Escolar (Comisión económica. Comisión de convivencia).
Claustro

2. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

Director ou directora
Xefe ou xefa de estudos de diúrno
Xefe ou xefa de estudos de adultos
Secretario ou secretaria
Vicedirector ou vicedirectora

3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Departamento de orientación
Departamentos didácticos

4. OUTROS ÓRGANOS

Comisión de coordinación pedagóxica
Equipo de dinamización lingüística
Xunta de delegados

5. ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO E ASOCIACIÓN DE ALUMNADO

Os órganos de goberno e as asociacións de pais de alumnos e asociacións de alumnos réxense polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (D.O.G. do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

II. PROFESORADO

- Ten todos os dereitos establecidos na normativa vixente.
- Ten dereito a utilizar todas as dependencias e materiais do centro, sempre que o solicite, tanto individual como colectivamente.
- Ten dereito a ser informado do funcionamento do centro e dos resultados das reunións dos órganos colexiados.

1. FUNCIÓNS XERAIS DO PROFESORADO

- 1.1.- Entrará e sairá puntualmente cando soe o timbre.
- 1.2.- Deberá rexistrar diariamente as faltas do alumnado e comunicalas segundo o procedemento e no prazo establecido pola Dirección.
- 1.3.- Non deixará saír ningún/ha alumno/a da aula ata a hora de finalización da clase, agás causa de forza maior.
- 1.4.- Informará o alumnado da programación, obxectivos, contidos mínimos do curso e criterios de avaliación.
- 1.5.- Fixará as datas das probas e exames tendo en conta, a ser posible, a opinión dos alumnos/as.
- 1.6.- Respetará o horario lectivo do centro para a realización de probas e exames, non invadindo o horario doutros profesores/as sen previo acordo mutuo.
- 1.7.- Permitirá ao alumnado que examine os exercicios realizados para que poida coñecer os seus progresos e as súas deficiencias. Entregará as correccións e as cualificacións dos traballos e exames dos alumnos/as nun prazo razoable que non excederá nunca de un mes despois da realización do exercicio.
- 1.8.- Antes das sesións de avaliación, entregará as cualificacións na Secretaría do Centro dentro do prazo establecido pola Dirección.
- 1.9.- Coidará da disciplina no centro, axudando no labor tanto aos/ás titores/as como á Xefatura de Estudos e ao profesorado de garda.
- 1.10.- No caso dunha actividade determinada fóra da aula na que participe só unha parte dos/as alumnos/as, o resto terá actividade normal. Isto mesmo rexerá para o caso de folgas de alumnado ou similares.

1.11.- No caso de realizar co alumnado algunha actividade fóra da aula de referencia, deberá acompañalos en todo momento.

1.12.- Favorecerá o traballo do seu departamento e o da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

1.13.- Asistirá ás reunións periódicas de departamento e, previa convocatoria, aos consellos escolares, comisión económica e/ou de convivencia, comisión pedagóxica, claustros e xuntas de avaliación.

1.14.- Estará disposto a recibir individualmente os/as alumnos/as, pais/nais, titores/as legais dos/as mesmos/as que o soliciten, previo acordo na hora a través do/a profesor/a titor/a.

1.15.- Cando un grupo de alumnos/as participe nunha actividade no centro (conferencias, charlas, etc.), o/a profesor/a asistirá con el.

1.16.- Respectará o acordo de que a sala é para uso exclusivo de profesores e profesoras.

1.17.- Reservará os espazos de uso colectivo (sala de usos múltiples, aula multimedia...) cando os vaia necesitar.

1.18.- Cando leve os alumnos/as á aula multimedia, permanecerá con eles na aula durante toda a sesión.

2. PROFESORADO DE GARDA

2.1.- O profesorado de garda ten a obriga de manter a orde no centro. Na ESO permanecerá co grupo na aula, ou ben no espazo que considere máis apropiado, mantendo a función titora acompañándoo.

Para favorecer esta función, o/a profesor/a ausente procurará deixar traballo práctico que o/a profesor/a de garda distribuirá e recollerá. Como todas as ausencias non son previsibles, os departamentos poderán deixar na sala de profesorado este tipo de material.

O equipo de profesores/as de garda decidirá en cada momento qué profesor/a permanecerá na aula.

2.2.- Deberá cubrir o libro de garda, anotando as ausencias dos/as profesores/as e demais incidencias que acontezan durante a hora.

2.3.- A xefatura de estudos procurará que no horario xeral do centro haxa máis dun/ha profesor/a de garda en cada hora.

2.4.- No recreo haberá profesorado de garda nos corredores e no patio, velando para que o alumnado da ESO non saia do recinto escolar.

2.5.- O profesorado de garda de alumnos/as sancionados/as encargarse de rexistrar a asistencia dos mesmos, asignarlle traballo a cada un e custodialos durante o tempo correspondente.

3. PROFESORADO DE BIBLIOTECA

3.1.- A hora de biblioteca ten carácter lectivo no horario individual do profesorado, polo que debe cumprirse presencialmente. A Biblioteca nunca deberá permanecer sen a presenza dun profesor/a. En caso de retraso ou ausencia do profesor/a entrante no servizo de garda, o profesor saínte procederá ao seu peche.

3.2.- Deberá velar pola orde e o silencio, a correcta utilización dos fondos e a conservación do mobiliario.

3.3.- Prestará e recollerá os libros segundo as normas de funcionamento da Biblioteca.

3.4.- Axudará os usuarios que o requiran na busca de información. Esta axuda exercerase a modo de guía, procurando daqueles unha participación activa que os capacite para o uso autónomo dos fondos da Biblioteca.

3.5.- Todo o profesorado de garda na Biblioteca deberá estar informado das actividades organizadas desde a mesma, así como dos cambios que se produzan e que supoñan modificación no seu uso e xestión. O responsable desta información será o profesor/a encargado/a da Biblioteca.

3.6.- Todo o profesorado de garda na Biblioteca deberá posuír o coñecemento mínimo preciso que o capacite para o uso do programa de xestión informática da Biblioteca. Neste coñecemento deberá ser instruído polas persoas integrantes do equipo responsable da mesma.

3.7.- O profesorado de garda na Biblioteca poderá ser convocado unha vez ao trimestre polo profesor/a encargado/a da mesma a efectos de coordinar o seu funcionamento.

4. PROFESOR/A TITOR/A

4.1.- Participará no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe ou Xefa de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.

4.2.- Proporcionaralles ao alumnado e aos pais e nais información referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades complementarias e extraescolares previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo e réxime de control de faltas de asistencia.

4.3.- Propiciará que os seus titorandos/as coñezan os seus dereitos e deberes e as normas de convivencia contidas no presente Regulamento de Réxime Interno.

4.4.- Coñecerá as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento. Deberá ter constancia das faltas de asistencia e de comportamento dos seus titorandos/as. Á súa vez, será o encargado/a de supervisar e aceptar ou non os xustificantes de faltas de asistencia e trasladalos á Secretaría do centro no prazo establecido con este fin.

4.5.- Organizará e presidirá as sesións de avaliación do seu grupo.

4.6.- Informará o alumnado do grupo, os pais e nais e o profesorado, de todo aquilo que os afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

4.7.- Escoitará as suxestións, queixas, reclamacións... dos seus titorandos e servirá de intermediario ante as instancias oportunas.

4.8.- Coordinará a elección por parte do grupo que tutela do delegado/a e subdelegado/a; contribuirá, orientará e axudará, se fose necesario, o delegado e o subdelegado no exercicio das súas funcións.

4.9.- Permanecerá unha hora no centro durante a tutoría de pais/nais, e recibiraos cando estes/as o demanden. Será flexible para facilitar as entrevistas cando os pais/nais non puidesen asistir ao centro na hora de tutoría establecida para este fin. Preparará estes encontros, recabando toda a información posible dos profesores que imparten clase no grupo con respecto a asistencia, comportamento, rendemento académico, progresos, interese...

4.10.- Na ESO terá unha hora presencial cos seus titorandos dedicada a tratar temas propios do labor tutorial. O Departamento de Orientación asesorará sobre as actividades a realizar e materiais a utilizar nesta hora.

III. ALUMNADO: DEREITOS E DEBERES

1. DEREITOS

Os alumnos e alumnas deste Centro teñen os seguintes dereitos:

1.1.- A recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

1.2.- Ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensino sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por incapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, respectando a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións, así como a súa intimidade, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

1.3.- A recibir un ensino baseado na obxectividade e na pluralidade, que exclúa toda manipulación propagandística ou ideolóxica, sen prexuízo do dereito á liberdade de expresión que se exercerá nos termos previstos no ordenamento xurídico.

1.4.- Antes de formalizar a matrícula no Centro os alumnos e alumnas terán acceso á información sobre o proxecto educativo e o carácter propio do centro recollido no PEC.

1.5.- A que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade e coñecer os criterios que se aplicarán para a súa avaliación por parte de cada un dos seus profesores e profesoras.

1.6.- A establecer, de acordo co profesor/a, as correspondentes datas das probas de avaliación, segundo o horario que debe controlar o delegado de grupo, de forma que se poidan estruturar para que non coincidan máis de dúas no mesmo día, agás nos exames finais de xuño e setembro.

1.7.- A ver as probas de avaliación e presentar reclamacións sobre as cualificacións cando o consideren necesario, de acordo coa normativa vixente. Na avaliación final de xuño e setembro, o prazo de reclamación será de dous días lectivos desde a publicación das cualificacións.

1.8.- Dereito a estar representados nas sesións de avaliación, na parte que corresponda ao tratamento xeral do grupo. Poderán asistir ata tres representantes por cada grupo, elixidos democraticamente polo alumnado do grupo.

1.9.- A recibir orientación escolar, profesional e psicolóxica para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses. Esta orientación basearase unicamente nas

aptitudes e aspiracións dos alumnos e alumnas, excluindo toda diferenciación por razón de nacemento, sexo, etc.

1.10.- A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

1.11.- A que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.

1.12.- A que se trate con total reserva e discreción toda aquela información de que dispoña o centro acerca das súas circunstancias persoais e familiares.

1.13.- A elixir, mediante sufraxio directo e secreto, os seus representantes no Consello Escolar e os delegados de grupo, e a ser informados por estes, tanto das cuestións propias do seu centro como das que afecten a outros centros docentes e ao sistema educativo en xeral.

1.14.- Á liberdade de expresión, incluíndo a folga, sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións, de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

1.15.- A dispoñer de diferentes canles de expresión individuais ou colectivas: revistas, xornais, fanzines, buzón de suxestións, etc.

1.16.- A manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, será canalizada a través dos seus representantes.

1.17.- A reunirse e utilizar as instalacións do Centro para actividades escolares ou extraescolares que formen parte do proxecto educativo do centro, así como para aquelas outras ás que se lles poida atribuír unha finalidade educativa ou formativa, coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares, e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

1.18.- A constituírse en Asemblea de Delegados e a dotarse dun regulamento para o funcionamento da mesma, que deberá ser aprobado pola propia Asemblea, en primeira instancia, e definitivamente polo Consello Escolar.

E todos os demais dereitos establecidos no Real Decreto 732/1995 do 5 de maio de 1995

2. DEBERES

Os alumnos e alumnas deste Centro teñen os seguintes deberes:

2.1.- Respectar o proxecto educativo e o carácter propio do Centro recollido no PEC e no PCC, así como coñecer este Regulamento.

2.2.- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro, asistindo ás clases con puntualidade e estando nas aulas cando soe o timbre que indica o comezo da clase.

2.3.- Permanecer nas instalacións durante o horario lectivo na ESO.

2.4.- Respectar a liberdade de conciencia e as convicións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa, non discriminando a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

2.5.- Este deber faise extensible aos espazos alleos ás instalacións do centro, tanto no transporte escolar como nas actividades extraescolares.

2.6.- As saídas aos servizos estarán limitadas aos períodos de lecer, agás que o profesor ou profesora o considere oportuno ou necesario.

2.7.- Os pais ou titores legais xustificarán as faltas mediante impreso oficial que se entregará na Secretaría do Centro. As faltas poderán xustificarse nun período máximo dunha semana despois de ser comunicadas aos pais/nais ou titores/as.

2.8.- Cando os alumnos e alumnas non asistan a unha proba de avaliación e queiran que se lles repita persoalmente a mesma, deberán xustificar puntualmente ante o profesor ou profesora a súa ausencia, con documentación oficial e adecuada; de non ser así, esíxese a comparecencia no Centro do pai, nai ou titor/titora legal para dar conta das circunstancias que impediron a asistencia do seu fillo/a á devandita proba.

2.9.- En caso de convocatoria de folga os alumnos e alumnas notificarán á Dirección do Centro os motivos da mesma. A non asistencia ás clases por este motivo, será considerada como unha falta de asistencia a comunicar aos pais, pero non será contabilizada a efectos de sancións.

2.10.- Seguirá as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe participando activamente nas tarefas encomendadas dentro e fóra das aulas, mostrándolle o debido respecto e consideración.

2.11.- Atenderá as indicacións do profesorado de garda.

2.12.- Seguirá as indicacións do profesorado responsable nas actividades extraescolares.

2.13.- Acudirá ás clases co material curricular esixido polo profesorado para o adecuado seguimento das tarefas encomendadas.

2.14.- Respetará o dereito dos demais compañeiros e compañeiras a atender as explicacións do profesorado mantendo o necesario clima de respecto e silencio nas aulas e nas actividades extraescolares que o requiran.

2.15.- Manterá unha actitude de respecto e silencio na Biblioteca como lugar de estudo e traballo.

2.16.- Coidará os libros que sexan propiedade do Centro e respectará os prazos establecidos para a súa devolución.

2.17.- Coidará e utilizará correctamente os bens mobles e as instalacións do Centro e respectará as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa

2.18.- Non atrancará os corredores nin as escaleiras.

2.19.- Non correrá nin berrará nas aulas e corredores, nas entradas e saídas, nin durante o recreo.

2.20.- Non se asomará nin berrará polas fiestras.

2.21.- Segundo a lexislación vixente, non se poderá fumar en todo o recinto escolar.

2.22.- Manterá limpo o Centro utilizando as papeleiras das aulas e patios.

2.23.- Colocará as cadeiras enriba das mesas ao remate da última hora de clase do día.

2.24.- Asistirá ás clases nas debidas condicións de hixiene persoal e coa indumentaria axeitada, dentro do respecto debido aos compañeiros e ao profesorado.

2.25.- Cumprirá as sancións impostas en aplicación do contemplado neste R.R.I. no día e hora fixados.

2.26.- O incumprimento destes deberes dos alumnos conlevará os correspondentes requirimentos e sancións establecidas a tal efecto no presente Regulamento.

IV.- NORMAS DE CONVIVENCIA

1.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1

As presentes normas forman parte do Regulamento de Réxime Interno, e están destinadas a concretar os deberes dos alumnos e alumnas e a establecer as correccións que correspondan polas condutas contrarias ás devanditas normas.

Artigo 2

Os incumprimentos das normas haberán de ser valorados considerando a situación e as condicións persoais dos alumnos e alumnas. A tal efecto, serán tomados en conta os seguintes principios:

a) As medidas correctoras que se apliquen deben ter un carácter educativo e recuperador, garantir o respecto aos dereitos dos demais alumnos e alumnas e procurar a mellora da convivencia.

b) Ningún alumno ou alumna pode ser privado ou privada do seu dereito á educación. No caso da educación obrigatoria, tampouco poderá ser privado ou privada do dereito á escolaridade.

c) Non poderán impoñerse medidas correctoras contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno ou alumna.

d) Os órganos competentes para a imposición de correccións ou para a instrución de expedientes tomarán en consideración:

- A idade do alumno ou alumna.

- As súas circunstancias persoais e familiares. A tal efecto, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios.

- As circunstancias paliativas que concorran no caso: recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta ou a falta de intencionalidade.

- As circunstancias agravantes que concorran no caso: premeditación, reincidencia, causar dano, inxuria ou ofensa a compañeiros ou compañeiras de menor idade ou novos ou novas no centro, etc.

Artigo 3

Poden ser obxecto de corrección os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polos alumnos ou alumnas dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares. Igualmente, poderanse corrixir as actuacións do alumno ou alumna realizadas fóra do recinto escolar cando estean motivadas ou relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa.

Artigo 4

Os alumnos ou alumnas que individual ou colectivamente provoquen danos de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións ou material do centro están obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente os alumnos ou alumnas que subtraesen bens do centro están obrigados a restituír o subtraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos ou alumnas serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

Artigo 5

As faltas reiteradas de asistencia poden provocar a imposibilidade de aplicar correctamente os criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua. Á parte das correccións que se adopten no caso de faltas inxustificadas, o Regulamento de Réxime Interior establecerá o número máximo de faltas por curso, área e materia que dean lugar a estas situacións. Os sistemas extraordinarios de avaliación previstos para estes alumnos e alumnas serán especificados nas programacións dos departamentos correspondentes.

2.- SOBRE O ALUMNADO

Artigo 6

O estudo constitúe un deber básico do alumnado que conleva as seguintes obrigas:

- Asistir á clase con puntualidade.
- Participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos planos de estudo.
- Utilizar correctamente o material e instalacións do centro.
- Acudir á clase co material indicado polo profesorado.

- Xustificar puntualmente as faltas de asistencia.

Artigo 7

Os alumnos e alumnas deberán atender, co debido respecto, as indicacións dos profesores e profesoras, e do persoal administrativo e de servizos.

Artigo 8

Ao escoitar o sinal sonoro que marca o inicio dunha sesión lectiva, os alumnos e alumnas deberán entrar en cadansúas aulas e agardar a chegada do profesor ou profesora. Se non chegase, esperarán polo profesor ou profesora de garda, quen decidirá as actividades a realizar.

Artigo 9

Durante as horas de clase, os alumnos e alumnas non poderán permanecer nos corredores nin abandonar o centro sen permiso.

Artigo 10

Os alumnos e alumnas da ESO deberán permanecer no recinto do centro durante todo o período lectivo, incluído o recreo.

Artigo 11

Os alumnos e alumnas non poderán entrar na sala de profesores, despachos, e dependencias do persoal administrativo e de servizos sen autorización.

Artigo 12

Durante os períodos de recreo, salvo días de climatoloxía adversa, os alumnos/as non poderán permanecer nos edificios do centro, agás cafetería e biblioteca ou no baixo se queren estudar ou facer traballos en grupo.

Artigo 13

Non poderán fumar en todo o recinto escolar.

Artigo 14

Deberán asistir ás actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan durante o horario lectivo.

Artigo 15

Considérase que o uso prioritario de Internet na Aula Multimedia e na Biblioteca debe tender a ser de carácter didáctico. Poderá ser utilizada polos membros da Comunidade Educativa.

No caso de uso da Aula Multimedia por parte do alumnado, deberán estar acompañados necesariamente, ao longo de toda a sesión, por un profesor/a, quen comprobará que os alumnos/as cubran a ficha de uso correspondente.

Os alumnos/as deberán respectar a configuración estándar dos equipos, non permitíndose a súa personalización.

Artigo 16

Os alumnos e alumnas teñen a obriga de acatar as presentes normas.

3.- CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

Artigo 17

Consideraranse contrarias á convivencia as seguintes condutas:

a) As faltas de puntualidade, agás problemas de transporte ou forza maior, segundo o especificado no título 5 das presentes normas.

b) As faltas de asistencia non xustificadas, segundo o especificado no título 6 das presentes normas.

c) A non asistencia e participación nas actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan durante o horario lectivo.

d) Os actos de indisciplina que, sen revestir gravidade, afecten ao normal desenvolvemento da actividade na clase, segundo o especificado no título 7 das presentes normas.

e) As condutas descritas no apartado d) que se produzan durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

f) Os comportamentos incorrectos: berrar ou provocar desorde nos corredores, ensuciar o centro, comer nas aulas, cuspir, xogar cos borradores, asomarse ás ventás sen a debida prudencia, as actitudes agresivas, a linguaxe groseira e calquera outro acto que, sen revestir gravidade, perturbe a convivencia no centro ou supoña falta de respecto a outros membros da comunidade educativa.

g) Os actos inxustificados ou negligencias que causen danos menores nas instalacións e no material do centro, ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.

h) Modificar ou personalizar a configuración estándar dos equipos informáticos, ou manipularlos alterando o seu normal funcionamento, así como acceder a contidos contrarios ó espírito da lei educativa (pornográficos, violentos, xenófobos...)

i) Fumar dentro do recinto escolar.

j) Acudir ás clases sen o material necesario para levar un correcto seguimento das materias.

k) Saír do recinto escolar en horario lectivo.

l) Calquera outra conduta que contraveña as presentes normas e non mereza a cualificación de grave.

m) Utilizar o móbil en horario escolar dentro do recinto sen autorización.

n) Gravar a voz ou a imaxe de calquera membro da comunidade educativa sen o seu permiso previo explícito.

Artigo 18

CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA:

Para corrixir as condutas tipificadas como contrarias ás normas de convivencia no centro poderán aplicarse as seguintes medidas:

a) Amoestación verbal ao alumno/a.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

b) Comunicación directa ao pai/nai do alumno/a por vía telefónica, por escrito ou en entrevista persoal.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

c) Comunicación a través do titor/a ao pai/nai do alumno/a.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

d) Petición de desculpas ante aquel membro da comunidade educativa ao que ofendese ou molestase e compromiso de non volver molestalo.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

e) Expulsión temporal do alumno/a da aula para permitir o desenvolvemento normal da clase e que o alumno/a que está molestando deixe de facelo.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a, que coidará de que o alumno/a quede custodiado en todo momento, e encomendaralle o traballo a realizar. Poderá acompañarse dun parte de incidencias.

f) Permanencia na aula ou na Biblioteca no período de recreo realizando algún traballo.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

g) Comparecencia inmediata do/a alumno/a ante un cargo directivo.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

h) Apuntamento no libro de gardas da sala de profesores/as.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

i) Parte de incidencias expoñendo os feitos.

Poderá aplicar esta sanción calquera profesor/a.

j) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro fóra do horario escolar.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

k) Cando a falta cause danos no material, nas instalacións do centro ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa, reparación do dano causado ou pago do custo económico da súa reparación.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

l) Suspensión do dereito a participar nalgunha ou en todas as actividades complementarias ou extraescolares que se organicen ao longo do curso.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

m) Cambio de grupo por un prazo máximo de unha semana.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

n) Suspensión do dereito a asistir a determinadas clases por un período non superior a tres días.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

o) Suspensión do dereito a asistir ao centro por un período máximo de tres días.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

Artigo 19

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

4.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO

Artigo 20

Consideraranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra membros da comunidade educativa.

b) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia. O disposto nos títulos 5º, 6º e 7º será de aplicación nos casos correspondentes.

c) A agresión grave, física ou moral, contra membros da comunidade educativa.

d) A suplantación de personalidade en actos da vida docente, así como a falsificación e subtracción de documentos académicos.

e) Os danos graves, causados intencionadamente ou por uso indebido en locais, material ou documentos do centro, ou en bens doutros membros da comunidade escolar.

f) O roubo ou subtracción de obxectos, material escolar, cartos, etc.

g) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

h) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar, ou a incitación ás devanditas actuacións.

i) O incumprimento das medidas correctoras impostas.

Artigo 21

CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO:

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro serán corrixidas coas seguintes medidas:

As enunciadas nos apartados d), j), m), p) do artigo 19 e ademais:

a) Suspensión do dereito a asistir a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

Poderá aplicar esta sanción a dirección.

b) Cambio de grupo.

Poderá aplicar esta sanción a dirección, oída a xunta de avaliación.

c) Apertura de expediente disciplinario e aplicación da sanción que estableza o Consello Escolar que, de tratarse de suspensión do dereito a asistir ao Centro, non será de duración superior a un mes.

Artigo 22

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

5.- FALTAS DE PUNTUALIDADE

Artigo 25

O cumprimento íntegro dos períodos lectivos é necesario para o correcto desenvolvemento da actividade educativa. O inicio e remate de cada sesión estarán indicados por un sinal sonoro que os alumnos e alumnas deben respectar.

Artigo 26

Á primeira hora da mañá e primeira da tarde, os retrasos, por motivo de transporte, son admisibles con carácter excepcional. Nos demais períodos lectivos, os retrasos só son xustificables por causas de forza maior. Os retrasos non xustificables serán consignados polos profesores/as, terán efectos acumulativos e darán lugar a sancións conforme ao seguinte baremo:

ESO:

5 Retrasos non xustificados	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Sanción: Amoestación comunicada aos pais.
10 Retrasos non xustificados	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Sanción: Amoestación comunicada aos pais e realización de tarefas no centro durante unha tarde ou realización de tarefas de recuperación durante dous recreos, que en calquera dos dous casos deberán ser tuteladas polos profesores/as encargados/as.
15 Retrasos non xustificados	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Sanción: Amoestación comunicada ós pais e realización de tarefas no centro durante unha tarde ou realización de tarefas de recuperación durante dous recreos, que en calquera dos dous casos deberán ser tuteladas polos profesores/as encargados/as..
20 Retrasos non xustificados	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro Sanción: Traslado ao Consello Escolar para que acorde as medidas disciplinarias e correctoras a aplicar.

BACHARELATO:

7 Retrasos non xustificados	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Sanción: Amoestación comunicada aos pais.
15 Retrasos non xustificados	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Os profesores/as poderán non permitirlle a entrada na clase cando se retrase, rexistrándoo como falta de asistencia sen xustificar, podendo chegar a perder o dereito á avaliación continua.

6.- FALTAS DE ASISTENCIA NON XUSTIFICADAS

Artigo 25

O alumnado debe participar regularmente nas actividades do centro. A asistencia á clase é obrigatoria e, en caso de ausencia por forza maior, o alumno ou alumna deberá xustificala, documentalmente se fose posible.

Artigo 26

O documento xustificativo será presentado na Secretaría do centro, onde se cumprimentará o impreso correspondente, á maior brevidade posible.

Artigo 27

O profesor/a titor/a poderá xustificar unha falta, tras escoitar as razóns alegadas polo alumno/a ou polos seus pais/nais, aínda que non houbese documento acreditativo. A tal efecto cumprimentará na Secretaría o impreso correspondente.

Artigo 28

A comunicación aos pais das faltas non xustificadas realizarase coa máxima dilixencia que permitan os recursos do centro.

Artigo 29

No caso de que un alumno/a acumule faltas non xustificadas á clase, aplicarase o seguinte baremo sancionador:

ESO

Faltas:	5	Conduta contraria ás normas de convivencia no centro. Sanción: Amoestación por escrito comunicada aos pais/nais.
Faltas:	10	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Sanción: Amoestación comunicada aos pais e realización de tarefas no centro durante unha tarde ou realización de tarefas de recuperación durante dous recreos, que en calquera dos dous casos deberán ser tuteladas polos profesores/as encargados/as.
Faltas:	15	Conduta contraria ás normas de convivencia no centro. Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un día con realización de tarefas escolares recuperadoras a determinar polo/a Titor/a
Faltas:	20	Conduta contraria ás normas de convivencia no centro. Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante dous días con realización de tarefas escolares recuperadoras a determinar polo/a Titor/a
Faltas:	25	Conduta contraria ás normas de convivencia no centro.

Faltas:	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante tres días con realización de tarefas escolares recuperadoras a determinar polo/a Titor/a e suspensión do dereito de participar en actividades extraescolares durante todo o curso académico.
30 Faltas:	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Activarase o Protocolo de Absentismo Escolar asinado cos Servizos Sociais do Concello no caso dos menores de 16 anos, e darase traslado ao Consello Escolar para que acorde as medidas correctoras e disciplinarias a adoptar.

BACHARELATO DIÚRNO

As faltas serán comunicadas puntualmente aos pais.

A Xefatura de Estudos amosará e avisará da posible perda da avaliación continua cando o alumno/a estea na seguinte situación:

- a) 8 faltas nun mesmo curso, se a materia é de 4 sesións semanais.
- b) 6 faltas nun mesmo curso, se a materia é de 3 sesións semanais.
- c) 4 faltas nun mesmo curso, se a materia é de 2 sesións semanais.

O alumno perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas sen xustificar sexa:

- b) 16 faltas nun mesmo curso, se a materia é de 4 sesións semanais.
- b) 12 faltas nun mesmo curso, se a materia é de 3 sesións semanais.
- c) 8 faltas nun mesmo curso, se a materia é de 2 sesións semanais.

Os Departamentos regularán nas súas programacións o sistema avaliatorio aplicable a estes alumnos.

Non obstante, se o profesor /a do alumno/a considera que hai un cambio de actitude no alumno/a, o Xefe/a de Estudos, por indicación daquel, podería suspender a aplicación da sanción.

EPA E BACHARELATO DE ADULTOS

Cando o número de faltas de asistencia sen xustificar a un determinado ámbito ou materia supere o 10% do horario establecido o alumno perderá o dereito á avaliación continua nese ámbito ou materia.

Cando o número de faltas de asistencia sen xustificar en todos os ámbitos ou materias supere o 30% do horario establecido o alumno perderá o dereito á avaliación continua en todos eles.

7.- ACTOS QUE AFECTEN AO NORMAL DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NA CLASE

Artigo 30

De acordo co artigo 48, apartado b), do REAL DECRETO 732/1995, de 5 de Maio do B.O.E. (publicado o 2 de Xuño de 1995), estas condutas poden ser corrixidas coa “comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos”.

Nos casos menos graves, o Xefe/a de Estudos poderá delegar (de maior a menor gravidade) en:

1. No profesor de biblioteca que tutelará ao alumno/a mentres este realiza as tarefas encomendadas polo profesor/a da aula. Posteriormente, o profesor/a avaliará o traballo realizado polo alumno/a. Así mesmo, cumprimentará o parte de incidencias correspondente. Este parte será valorado polo Xefe/a de Estudos que actuará en consecuencia.
2. No profesor de garda, que anotará a incidencia no libro de garda. Neste caso, o alumno regresará á clase (Apuntamento).
 - Aos alumnos e alumnas que incorran reiteradamente neste tipo de condutas aplicaráselles o seguinte baremo sancionador:

3 Apuntamentos:	Conduta contraria ás normas de convivencia do centro. Sanción: Amoestación por escrito comunicada aos pais.
6 Apuntamentos:	Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro. Sanción: Amoestación comunicada aos pais e realización de tarefas no centro durante unha tarde ou realización de tarefas de recuperación durante dous recreos, que en calquera dos dous casos deberán ser tuteladas polos profesores/as encargados/as.
9 Apuntamentos:	Conduta contraria ás normas de convivencia do centro. Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un día, con realización de tarefas escolares recuperadoras a determinar polo/a Titor/a e suspensión do dereito a participar nunha actividade complementaria ou extraescolar que se desenvolva fóra do Centro.
12 Apuntamentos:	Conduta contraria ás normas de convivencia do centro. Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante dous días, con realización de tarefas escolares recuperadoras a determinar polo/a Titor/a e suspensión do dereito a participar nunha actividade complementaria ou extraescolar que se desenvolva fóra do Centro.

15 Apuntamentos:	Conducta contraria ás normas de convivencia do centro. Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante tres días, con realización de tarefas escolares recuperadoras a determinar polo/a Titor/a e suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias durante todo o curso académico.
18 Apuntamentos:	Conducta contraria ás normas de convivencia no Centro Sanción: Traslado ao Consello Escolar para que acorde as medidas disciplinarias e correctoras a aplicar.

ESA E BACHARELATO DE ADULTOS

A expulsión dun alumno da clase será anotada polo profesor nun libro de incidencias. Ademais, o profesor deberá cubrir un parte de incidencias que entregará ao Xefe/a de Estudos. Aos alumnos e alumnas que incorran reiteradamente neste tipo de condutas aplicaráselles o seguinte criterio sancionador:

EPA

4 expulsións	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante 10 días lectivos.
6 expulsións	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante 15 días lectivos.
7 expulsións	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante 20 días lectivos.

BACHARELATO DE ADULTOS

8 expulsións	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante 10 días lectivos.
12 expulsións	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante 15 días lectivos.
14 expulsións	Sanción: Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante 20 días lectivos.

Se as expulsións afectan só a un ámbito ou materia, a sanción aplicarase ao ámbito ou materia correspondente.

8. PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

Artigo 31

A instrución do expediente levarase a cabo por un profesor do centro designado polo Director. Dita incoación comunicárase aos pais, titores ou responsables do menor.

O alumno e, no seu caso, os seus pais ou representantes legais poderán recusar o instrutor perante o Director cando da súa conduta ou manifestacións poida inferirse falta de obxectividade na instrución do expediente.

Excepcionalmente, ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o Director, por decisión propia ou a proposta, no seu caso, do instrutor, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades por un período que non será superior a cinco días. As medidas adoptadas serán comunicadas ao Consello Escolar, que poderá revocalas en calquera momento.

Artigo 32

A instrución do expediente deberá acordarse nun prazo non superior aos dez días, desde que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas merecedoras de corrección, de acordo co Real Decreto.

Instruído o expediente, darase audiencia ao alumno e, se é menor de idade, ademais aos pais ou representantes legais daquel, comunicándolles en todo caso as condutas que se lle imputan e as medidas de corrección que se propoñen ao Consello Escolar do centro. O prazo de instrución do expediente non deberá exceder de sete días.

Comunicarase ao Servizo de Inspección Técnica o inicio do procedemento e manterase informado da tramitación ata a súa resolución.

Artigo 33

A resolución do procedemento deberá producirse no prazo máximo dun mes desde a data de iniciación do mesmo, e contra a resolución do Consello Escolar poderá interpoñerse recurso ordinario perante o Director Provincial, nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOTA:

1. A Dirección do Centro exporá na sala de profesores as decisións e asuntos tratados no Consello Escolar.

2. No mes de Xaneiro abrírase un prazo ordinario para presentar alegacións de posibles modificacións deste Regulamento de Réxime Interno, que poderán facerse por calquera membro ou membros da Comunidade Escolar.

9.- FUNCIONAMENTO DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS

En aplicación da Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade, en setembro do 2009 implantamos no centro a aula de convivencia. En reunión do Consello Escolar celebrada o 15 de abril de 2011 acordamos incorporar a este Regulamento as normas de funcionamento da aula e a posta en marcha do programa de habilidades sociais desenvolvido pola orientadora do centro:

- A finalidade da aula de atención educativa será atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Polo tanto, ningún profesor /a enviará á aula de atención educativa a alumnos/as que non traian os deberes ou non traian o material, sempre que non estean entorpecendo o normal desenvolvemento do traballo do resto dos compañeiros/as.
- Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, corrixilas e avalialas.
- O profesorado de garda da aula de atención educativa rexistrará no libro destinado a este fin o nome completo do alumno/a enviado, o grupo ao que pertence, o profesor/a que o enviou, a hora e o motivo. En base a estes datos, os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa serán informados, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á aula de atención educativa, indicándoselles a incidencia que o motivou.
- O profesorado de garda da aula de atención educativa deberá entregar igualmente ao alumno/a un impreso que estará á súa disposición na mesma aula no que o alumno/a realizará unha reflexión sobre as circunstancias ou razóns que motivaron a súa saída da clase. Este impreso será recollido polo profesorado de garda quen o deixará nunha bandexa prevista a tal efecto na mesa. Estas reflexións serán trasladadas posteriormente á orientadora do centro para que as revise e as teña en conta no caso de ter que atender a este alumnado nalgunha sesión de educación en habilidades sociais.
- Cada vez que un alumno/a acumule tres visitas á aula de atención educativa, deberá asistir fóra do horario lectivo a unha hora coa orientadora do centro para traballar en habilidades sociais.
- Se o considera oportuno, cando a falta do alumno/a revista maior consideración, o profesor poderá rexistrarlle ademais ao alumno unha falta leve na PDA o incluso poderá redactar un parte de incidencias. Con todo, deberase ter en conta que o envío á aula de atención educativa xa en si mesmo comporta comunicación á familia e computase para asistir ao traballo de habilidades sociais, polo que non sería conveniente duplicar por norma as medidas correctoras.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

A orientadora do centro desenvolverá un programa de habilidades sociais, contemplado na programación do Departamento de Orientación, destinado a aquel alumnado que presente de xeito habitual ou reiterado un comportamento inadecuado dentro do centro, tanto por condutas disruptivas dentro da aula, como por cometer faltas contrarias ás normas de convivencia.

Deberá seguir este programa o seguinte alumnado:

- se é enviado á aula de atención educativa polo seu comportamento disruptivo dentro da aula en máis de seis ocasións;
- se acumula 12 apuntamentos por condutas contrarias ás normas de convivencia;
- se o recomenda o Consello Escolar como medida correctora a aplicar trala instrución dun expediente disciplinario (neste caso a orientadora estimará o número de sesións).

Este programa de habilidades sociais desenvolverase ao longo de cinco sesións de 50 minutos fóra do horario lectivo e nas datas e horas acordadas conxuntamente pola xefatura de estudos e a orientadora. A inclusión dun alumno/a neste programa será comunicada á familia do mesmo e serán de asistencia obrigatoria.

Ao longo de cada curso desenvolveranse dous programas: un nos meses de febreiro-marzo e outro nos de maio-xuño.

10.- **ADDENDA OFICIAL I**

- No claustro celebrado o 4 de outubro de 2012 aprobouse a inclusión dos seguintes puntos no RRI:

-O alumnado de 3º e 4º da ESO non pode saír, en ningún caso, do recinto, nin marchar cando falte un profesor.

-Prohibido manipular os ordenadores situados na mesa do profesor nas aulas.

-O centro non se fai responsable dos obxectos de valor que traia o alumnado.

-No caso de absentismo escolar, non castigar o alumno (sobre todo de 1º e 2º da ESO, con bo comportamento) con máis expulsións.

- No claustro celebrado o 28 de xuño de 2013 acórdase que serán contabilizadas as asistencias á aula de convivencia á hora das saídas e actividades extraescolares. Aplicaráselles o seguinte baremo sancionador:

5 asistencias	Suspensión do dereito de asistencia a 1 saída ou actividade extraescolar.
10 asistencias	Suspensión do dereito de asistencia a todas as saídas e actividades extraescolares.

11.- **ADDENDA OFICIAL II**

- En claustro ordinario celebrado o 26 de xuño de 2014, aprobouse a inclusión do seguinte punto no RRI:

-o uso do móbil na aula será penalizado cun apuntamento. Ditos apuntamentos contabilizarán igual que calquera outro á hora das sancións, polo que a acumulación conlevará o castigo que corresponda, tal como se recolle no punto 7 deste regulamento.

-no caso de que o uso do móbil impida o normal desenvolvemento da clase, o alumno poderá ser enviado á aula de convivencia, nas condicións propias desta medida (levar traballo para facer, etc)